

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMEN- TO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, e no seu nome e representación, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril)

Doutra parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e no seu nome e representación María Paz Rodríguez Rivera, segundo nomeamento realizado polo Decreto 132/2024, do 20 de maio, polo que se nomea directora xeral de Desenvolvemento Rural e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 97, do 21 de maio), no uso das facultades atribuídas polo artigo 10º.2 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As partes recoñécense con capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- No orzamento de gastos da Consellería de Medio Rural, a aplicación orzamentaria 15.06/712A/432.09, de transferencias correntes de financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dispón de fondos propios libres da Comunidade Autónoma, fondos finalistas do Estado e outros fondos europeos.

Segundo.- O artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento.

Terceiro.- Que, dado que nas transferencias correntes existen fondos finalistas



que financian actividades concretas na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e que pola súa natureza teñen carácter incorporable, é conveniente establecer un réxime de libramento diferente para as modalidades de fondos finalistas e fondos europeos, e establecer o libramento atendendo ao ritmo de execución dos gastos na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manifestan a súa vontade de modificar o réxime de libramento das transferencias correntes de financiamento, e con tal finalidade acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Medio Rural á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Segunda.- Réxime de libramentos

O réxime de libramentos nas transferencias correntes de financiamento ao Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase por parte da Consellería de Medio Rural conforme ás indicacións que se recollen a seguir:

- Os importes consignados na aplicación e códigos de proxecto da Consellería de Medio Rural correspondente a fondos propios libres da Comunidade Autónoma, as achegas realizaranse por doceavas partes, conforme ao establecido no artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro.
- No caso dos importes consignados na aplicación e códigos de proxecto da Consellería de Medio Rural, correspondente a modalidades de fondos distintos dos indicados no parágrafo anterior e que teñan o carácter de incorporable, así como os fondos que os cofinancian, as achegas realizaranse atendendo ao ritmo de execución do gasto destes fondos por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Neste suposto, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, emitirase a correspondente certificación na que consten os gastos realizados, que será achegada á Intervención Delegada da Consellería de Medio Rural como xustificante do libramento que se realiza.

Terceira.- Vixencia

Este convenio terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a súa subscripción, sinaladamente, a existencia nas transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, financiadas con modalidades de fondos distintas á de fondos propios libres da Comunidade Autónoma e que teñan a consideración de incorporables, así como os fondos que os cofinancian.



Cuarta.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento e solución de controversias integrada por:

- a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- a persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria da Consellería do Medio Rural.

A vixencia deste Convenio circunscribirase ao exercicio orzamentario de 2026.

E, en proba de conformidade, asinan este convenio na data de sinatura dixital.

A conselleira de Medio Rural

A directora da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

María José Gómez Rodríguez

María Paz Rodríguez Rivera